

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI
CURSO: 1º-6º
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL
DEPARTAMENTO:
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 1º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Identifica o timbre dos instrumentos de percusión madeira Identifica auditiva e visualmente os instrumentos de percusión metal. Recoñece os sons fortes e débiles a través das actividades feitas.	B1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. B1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
B1.5. Sabe seguir a canción co ritmo de negras e corcheas segundo corresponda. Recoñece as partes da música da danza nun musicograma.	B1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. B1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
B2.1. Canta a canción con acompañamento percusivo corporal	B2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
B2.3. Recoñece o silencio de negra, pentagrama e clave de sol e sabe cantar as súas cancións. Recoñece o pentagrama e sabe colocar nel a clave de sol Sabe utilizar a percusión madeira e metal para acompañar a canción. Recita ao unísono a rima co acompañamento de xestos.	B2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra. B2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
B2.3. Sabe ler e colocar as notas dadas nun pentagrama	B2.3.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.
B3.2. Coordina os movementos e sabe desprazarse coa música polo espazo, interactuando cos compañeiros. Axusta os movementos corporais á música da danza.	B3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. B3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 2º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Discrimina auditivamente diferentes sons.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Recoñece o pentagrama, branca, negra, silencio de negra e corchea. . Identifica e clasifica os instrumentos de pequena percusión. . escoita con respecto e recoñece as voces na ópera 	<p>B1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</p> <p>B1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</p> <p>B1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</p>
<p>B1.3. Ten interese por coñecer o compositor da composición.</p>	<p>B1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.</p>
<p>B1.6. Diferenza os instrumentos de corda pulsada.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Diferenza visual e auditivamente os instrumentos de corda fretada 	<p>B1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.</p>
<p>B1.5. Interpreta ritmos binarios con instrumentos de pequena percusión.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Recoñece o compás ternario. 	<p>B1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.</p>
<p>B2.4. Discrimina auditivamente e sabe situar no pentagrama as notas Do, Do´.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Executa correctamente os ostinatos con percusión corporal. . Sabe utilizar os signos musicais no pentagrama. . Acompaña con placas unha canción. 	<p>B2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</p> <p>B2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</p>
<p>B3.2. Realiza os movementos da danza no espazo coordinadamente.</p>	<p>B3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.</p> <p>B3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 3º.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Presta atención e mantense en silencio durante a escoita de pezas musicais. . Interpreta unha canción en grupo con acompañamento rítmico corporal, prestando atención á integración da súa interpretación coa do grupo.	B1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
B1.2. Marca correctamente o pulso no recitado. Recoñece visual e auditivamente os instrumentos de vento madeira Segue o xogo sen perder o pulso. Recoñece as calidades do son: altura e intensidade Le e comprende elementos básicos da linguaxe musical.	B1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
B1.3 Recoñece e explica as calidades da voz e esfórzase por entoar ao cantar ao unísono e en canon. Sabe completar compases de dous e tres tempos.	B1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. B1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
B1.4 Relaciona elementos da audición co musicograma.	B1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
B2.1. É capaz de interpretar o Rap acompañando con percusión corporal. Interpreta con precisión esquemas rítmicos. Sabe cantar unha peza en canon Percute corporalmente os ritmos creados para o acompañamento dunha peza.	B2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras B2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. B2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
B3.1 Acompaña con percusión corporal unha peza.	B3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
B3.2 Interpreta a danza axustándose cada vez mellor aos movementos do grupo. Mostra interese por aprender e interpretar danzas valorándoas como expresión da riqueza cultural.	B3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 4º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 escoita atentamente a audición, en silencio e con respecto. . Recoñece a forma musical Rondó.	B1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais
B1.3 Recoñece e clasifica as calidades dos sons (intensidade) e identifícaos na audición de pezas musicais. Emprega os termos de compás de dous, tres e catro tempos Responde con corrección ás preguntas da linguaxe musical traballada.	B1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. B1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
B1.4 Recoñece e identifica auditiva e visualmente os instrumentos de vento	B1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
B1.5 escoita atentamente a audición, en silencio e con respecto. Recoñece a forma musical Rondó. Sabe cantar unha peza en canon.	B1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.
B2.1 Interpreta ritmicamente un rondó. Sabe compoñer la forma rondó dadas as súas partes. Le e interpreta unha peza coa fruta esforzándose en tocala individual e colectivamente Interpreta ritmicamente o silencio de corchea. Escribe correctamente os ostinatos inventados, mediante escritura musical convencional Entoa e sigue o pulso correcto dunha canción individual ou grupalmente.	B2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. B2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. B2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
B3.1 Executa os movementos da danza polo espazo en coordinación cos seus compañeiros. Participa con interese no repaso das danzas.	B3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
B3.2 Executa a danza con movementos axustados e coordinado co grupo.	B3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. B3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 5º.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Mostra interese por coñecer e aprender diferentes obras musicais clásicas. .Presta atención e se mantén en silencio durante a escoita de pezas musicais.	B1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
B1.2. É capaz de diferenciar o acento e o pulso sinalándoos nos exercicios de linguaxe musical.	B1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto
B1.3. Recoñece matices de intensidade na audición. Escribe e completa ritmogramas en compás binario e ternario Recoñece e sabe empregar o signo de repetición: 1ª e 2ª vez. Coñece e sabe interpretar os signos de prolongación e o grupo silencio de corchea, corchea. Escribe e completa ritmogramas en compás ternario. Le e interpreta en unha partitura o esquema dado. Comprende e diferencia os tipos de compás.	B1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. B1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. B1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
B1.6 Segue unha audición con musicograma.	B1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
B2.1 Interpreta coa frauta unha melodía e execútaa con corrección. . Esfórzase por entoar ao cantar o canon tanto de forma individual coma en grupo. . Executa cancións con percusión determinada, prestando atención á integración da súa interpretación coa do grupo.	B2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. B2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento B2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar
B2.2 Sabe executar a peza con corrección. . E quen de inventar as estrofas para o rondó.	B2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento B2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura
B3.1. É capaz de interpretar un canon acompañado de percusión corporal. . Baila con coordinación grupal as danzas traballadas	B3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. B3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 6º.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Escribe nun pentagrama o esquema rítmico dado dun romance popular galego.	B1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.
B1.3. Presta atención e mantense en silencio durante a escoita das audicións.	B1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
B2.2. Executa correctamente unha canción coa frauta e sabe facer os acompañamentos. Canta o canon con acompañamento rítmico corporal. Lee, comprende e identifica os elementos básicos da linguaxe musical apoiándose en partituras convencionais. Signos de repetición dados. Amosa interese polo resultado final da interpretación.	B2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. B2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos B2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. B2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.
B3.1. Interpreta o xogo rítmico axustándose ao pulso, ao ritmos e ao grupo. . Desfruta coa interpretación en grupo. . Mantén unha boa postura corporal e reflicte unha adecuada coordinación dos seus movementos ao representar en grupo a danza. É respectuoso co traballo dos demais. Interpreta as danzas controlando a postura e a coordinación coa música.	B3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. B3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. B3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. B3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. B3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Corrección de actividades, probas e cuestionarios remitidos ao alumnado.</p>
	<p>Instrumentos: Listas de control e fichas de recollida de información.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Terase en conta a información recollida neste trimestre (sempre favorecendo ao alumnado) e tamén os resultados acadados nas dúas primeiras avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Repasa os traballos propostos de linguaxe musical(PDF) Accede aos vídeos informativos propostos. Realiza os ritmos , cancións e danzas subidos á aula virtual.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Mostra participación nas actividades propostas. A situación actual de ensinanza-aprendizaxe e a situación familiar actual de gran parte do alumnado, xunto coa revisión da programación do próximo curso, ten que favorecer a cualificación positiva do alumnado.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación da implicación do alumnado nas tarefas propostas.(Sempre tendo en conta as súas posibilidades)</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Realización das tarefas propostas na aula virtual e as enviadas impresas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Utilízanse metodoloxías alternativas: envío de tarefas por medios dixitais, tales como a aula virtual da páxina web do centro e envíos de arquivos (tarefas escolares) ó Concello de Lugo para posterior impresión e entrega ó alumnado sen conectividade.
Materiais e recursos	Creación de materiais propios en PDF e algún en liña, actividades e xogos musicais en liña, adaptados ás habilidades dos nosos alumnos e alumnas e elaborados co fin de contribuír a un reforzo dos obxectivos educativos acadados nos dous primeiros trimestres.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Dende o Espazo Abalar e tamén a través das titoras e titores infórmase ás familias da dispoñibilidade das actividades na aula virtual. Para aquelas que non teñan conectividade haberá traballo impreso.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro, e no Espazo Abalar.